

Luns, 13 de setembro de 2021

Núm. 176

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CALDAS DE REIS

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA 2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVES DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO "OS CAMIÑOS DO CAMIÑO", DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLO OBRADOIRO

2ª CONVOCATORIA DE AYUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A LA CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CUENTA AJENA DE LAS PERSONAS PARTICIPANTES EN EL TALLER DUAL DE EMPLEO "OS CAMIÑOS DO CAMIÑO", DIRIGIDO A EMPRESAS DEL ÁMBITO DE LA FORMACIÓN IMPARTIDA POR EL TALLER

BDNS(Identif.):582730

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/582730>)

Extracto de la 2ª CONVOCATORIA de ayudas a través de incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena de las personas participantes en el taller dual de empleo "Os Camiños do Camiño", dirigido a empresas del ámbito de la formación impartida por el taller.

Primero. Beneficiarios:

Podrán ser entidades beneficiarias de los incentivos a la contratación, las personas empleadoras y las empresas, cualquier que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, aunque carezcan de personalidad jurídica.

La actividad de la empresa deberá estar directamente relacionada con la formación impartida en el taller dual de empleo "Os Camiños do Camiño", y contratar trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial del taller.



Luns, 13 de setembro de 2021

Núm. 176

No podrán ser entidades beneficiarias de estas ayudas las administraciones públicas, las sociedades públicas, ni las entidades vinculadas o dependientes de cualquiera de ellas.

Segundo. Finalidad:

Los incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena tienen por finalidad facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en el taller dual de empleo “os camiños do camiño”, financiado a través de la convocatoria 2020 de ayudas y subvenciones a talleres duales de empleo, por la Dirección General de Formación y colocación, perteneciente a la Consellería de Empleo e Igualdad de la Xunta de Galicia.

La formación que se imparte en el Taller dual de empleo “os camiños do camiño” es la de los certificados de profesionalidad de “actividades auxiliares en conservación y mejora de montes” y “actividades auxiliares en viveros, jardines y centros de jardinería”.

La contratación temporal tendrá una duración mínima de 3 meses.

La jornada de la contratación temporal será a tiempo completo.

Tercero. Bases reguladoras:

Resolución de la alcaldía del Ayuntamiento de Caldas de Reis por la que se aprueban las bases de la convocatoria de ayudas a través de incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena de las personas participantes en el taller dual de empleo “os camiños do camiño”, dirigido a empresas del ámbito de la formación impartida por el taller.

Cuarto. Importe:

Las acciones incluidas en esta convocatoria serán financiadas con cargo a la aplicación presupuestaria 2410 47000 del Presupuesto municipal vigente, ascendiendo la cuantía máxima de la convocatoria a 6.000 € equivalente a la previsión de una ayuda de 1.500 euros por alumno participante en el taller contratado, para un máximo de 4 personas.

Los contratos temporales se incentivarán con una subvención fija de 1.500 € por cada trabajador/la, correspondiente al contrato mínimo de 3 meses a jornada completa. Las cantidades concedidas a cada beneficiario no pueden superar los 6.000 euros.

Los beneficios establecidos a la contratación en este programa no podrán, en concurrencia con otras ayudas públicas para la misma finalidad, superar el 100 % del coste salarial de las mensualidades objeto de subvención.



Luns, 13 de setembro de 2021

Núm. 176

Quinto. Lugar y plazo de presentación:

Las solicitudes deberán presentarse a través de la sede electrónica del Ayuntamiento de Caldas de Reis, mediante instancia general a la que se juntará el modelo normalizado que será publicado en la sede electrónica del Ayuntamiento de Caldas de Reis (<https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>), acompañada de la documentación correspondiente.

El plazo de presentación de las solicitudes es de diez días hábiles, contado a partir de la fecha de publicación de este extracto en el BOP de Pontevedra.

CALDAS DE REIS, 06/09/2021

El Alcalde — Juan Manuel Rey Rey



Luns, 13 de setembro de 2021

Núm. 176

*2ª CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVES DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL
POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO
“OS CAMIÑOS DO CAMIÑO”, DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN
IMPARTIDA POLO OBRADOIRO.*

BDNS(Identif.):582730

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/582730>)

Extracto da 2ª CONVOCATORIA de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no taller dual de emprego “Os Camiños do Camiño”, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polo taller.

Primeiro. Beneficiarios:

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación, as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica.

A actividade da empresa deberá estar directamente relacionada coa formación impartida no taller dual de emprego “Os Camiños do Camiño”, e contratar traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial do taller.

Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

Segundo. Finalidade:

Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e a ocupabilidade das persoas participantes no taller dual de emprego “Os camiños do camiño”, financiado a través da convocatoria 2020 de axudas e subvencións a talleres duais de emprego, pola Dirección Xeral de Formación e colocación, pertencente á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia.

A formación que se imparte no Taller dual de emprego “Os camiños do camiño” é a dos certificados de profesionalidade de “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes” e “actividades auxiliares en viveiros, xardíns e centros de xardinaría”.

A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

A xornada da contratación temporal será a tempo completo.



Luns, 13 de setembro de 2021

Núm. 176

Terceiro. Bases reguladoras:

Resolución da alcaldía do Concello de Caldas de Reis pola que se aproban as bases da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes no taller dual de emprego “Os camiños do camiño”, dirixido a empresas do ámbito da formación impartida polo taller.

Cuarto. Importe:

As accións incluídas nesta convocatoria serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 2410 47000 do Orzamento municipal vixente, ascendendo a contía máxima da convocatoria a 6.000 € equivalente á previsión dunha axuda de 1.500 €uros por alumno participante no taller contratado, para un máximo de 4 persoas.

Os contratos temporais incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa. As cantidades concedidas a cada beneficiario non poden superar os 6.000 euros.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

Quinto. Lugar e prazo de presentación:

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Caldas de Reis, mediante instancia xeral á que se xuntará o modelo normalizado que será publicado na sede electrónica do Concello de Caldas de Reis (<https://caldasdereis.sedelectronica.gal/>), acompañada da documentación correspondente.

O prazo de presentación das solicitudes é dez días hábiles, contado a partir da data de publicación deste extracto no BOP de Pontevedra.

CALDAS DE REIS, 06/09/2021.

O Alcalde — Juan Manuel Rey Rey.

